



Concello da Coruña

Área / Unidade SERVIZO DE XESTION TRIBUTARIA DIRECCIÓN DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL CONCELLARIA DE ECONOMIA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA RCG	Documento FRA19I08BE	
Código de verificación  0S09 144S 130J 370J 18KC	Expediente FRA/2025/1	
	DATA 22-05-2025	

MEMORIA DA ALCALDÍA

ASUNTO: IMPOSICIÓN E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 34, REGULADORA DA RECARGA MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

I. Sométese á consideración do pleno da corporación municipal o expediente para a imposición e ordenación da **Ordenanza fiscal número 34, reguladora da recarga municipal, no ámbito da cidade da Coruña, sobre o imposto galego sobre as estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia**, previa aprobación do proxecto da mesma pola Xunta do Goberno Local.

II. A importancia da actividade turística en España é incuestionable. Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), só no mes de xullo de 2024, España recibiu 10,9 millóns de turistas internacionais, cifra que ascende a 94 millóns se o dato se estende a todo o ano 2024. En Galicia, as cifras feitas públicas en xaneiro de 2025 pola Administración autonómica, baseadas nos datos do INE, sitúan en máximos históricos no ámbito turístico o volume de viaxeiros recibido no ano 2024, con máis de 8,2 millóns de turistas aloxados en establecementos da comunidade, tanto en aloxamentos hoteleiros e extrahoteleiros como en vivendas de uso turístico.

Polo que respecta aos datos na cidade da Coruña, segundo fontes municipais de Turismo, detectouse un incremento no número total de turistas na comparativa 2022-2024, que ofrece un crecemento acumulado do 23,90%. Así, segundo datos do INE, se en 2022 a cifra total de turistas na cidade foi de 744.822, en 2024 a cifra pasa a 922.861, representando o turista nacional o 84,11%, sendo os meses de maior concentración os de xullo a outubro para o turista nacional e de agosto e setembro para os internacionais.

Estas cantidades poñen de manifesto o **impacto do turismo** no territorio español. E, en consecuencia, nos municipios receptores do mesmo, que experimentan un notable incremento da súa poboación como consecuencia deste fenómeno, especialmente en determinadas datas.

III. Tal e como se indicou na **consulta pública realizada polo Concello da Coruña desde o día 30.01.2025 ata o 26.02.2025**, da que se consta no expediente informe emitido polo Servizo de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico, o municipio soporta desde hai tempo un crecente aumento de visitantes, tanto desde o punto de vista do turismo tradicional como no que se refire á afluencia de cruceiros que fan escala no porto da cidade.



Concello da Coruña

Isto tradúcese, á súa vez, nun **incremento no custo da prestación da maioría dos servizos públicos**, como a xestión dos residuos, a salubridade pública, ou a protección do medio ambiente que, en ocasións, pode supoñer, mesmo, a necesidade de prestar servizos ou realizar investimentos adicionais.

Este problema vese agravado polo factor da estacionalidade que, con frecuencia, caracteriza a este fenómeno e que dificulta a posibilidade de afrontar uns custos adicionais con períodos de distinta ocupación ou con chegadas heteroxéneas de visitantes.

IV. Así pois, resulta necesario buscar un aumento de financiamento por parte do Concello da Coruña, dado o maior nivel de gasto ao que debe facerse fronte para atender a crecente demanda.

Unha medida alternativa a esta necesidade de financiamento reside no imposto galego sobre as estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, que crea a Xunta de Galicia a través da [Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas](#), e a posibilidade que habilita o artigo 24 da citada norma para establecer unha recarga sobre este imposto a nivel municipal.

Na Sección 3ª, denominada Recarga municipal sobre o imposto galego nas estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, prevese que os concellos poidan establecer de forma voluntaria, en execución da súa autonomía municipal, unha recarga sobre o imposto autonómico ás estancias turísticas, cuxos ingresos estarán afectados, polo menos nun 80 por cento, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento dun turismo sostible.

V. A indubidable achega do turismo á economía e as innumerables consecuencias positivas que este leva consigo conviven con algúns efectos non tan satisfactorios, as denominadas “externalidades negativas do turismo”.

Entre os efectos máis adversos atópanse o impacto ambiental, o encarecemento de determinados produtos e prestacións, ou a saturación dos servizos públicos do municipio, entre outros.

Centrándonos neste último, as necesidades que se orixinan nos servizos públicos do Concello da Coruña, que soportan nos últimos tempos unha maior presión turística; e tendo en conta que a correcta prestación dos servizos públicos garda estreita relación coa suficiencia das súas fontes de financiamento, conducen, obrigatoriamente, a indagar no sistema de financiamento local.

VI. Para iso, debe partirse dos principios de autonomía e suficiencia promulgados nos artigos 140 e 142 da [Constitución Española](#).

O principio de autonomía implica a atribución dunha serie de competencias para a xestión dos intereses locais.

O principio de suficiencia implica que as facendas locais deben dispor dos medios suficientes para desempeñar as súas funcións, que se proverán, fundamentalmente, de tributos propios e da participación nos do Estado e nos das comunidades autónomas.

A interpretación conxunta de ambos preceptos leva a apreciar, non só a obriga de que as corporacións locais establezan o seu propio sistema de recursos, senón tamén á de que este sexa suficiente.



Concello da Coruña

O artigo 38.2 do [Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais](#) (TRLRFL) regula a figura da recarga municipal, ao prever a posibilidade de que as entidades locais establezan recargas sobre os impostos propios da respectiva comunidade autónoma e doutras entidades locais naqueles casos que se prevean expresamente nas leis da comunidade autónoma.

Deste xeito, da regulación da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que dedica a Sección 2ª do seu Capítulo II a regular o **imposto galego sobre as estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia**, como “medida fiscal para impulsar o turismo sustentable”, resulta que o Concello da Coruña está habilitado para establecer a recarga sobre o imposto, previa regulación nunha ordenanza fiscal.

O artigo 2.b) do TRLRFL enumera entre os recursos dos que dispoñen as entidades locais “os tributos propios clasificados en taxas, contribucións especiais e impostos e as recargas esixibles sobre os impostos das comunidades autónomas ou doutras entidades locais”.

VII. A proposta da Concellaría de Economía e Planificación Estratéxica que se eleva ao pleno da corporación municipal, previo paso pola Xunta de Goberno Local para a aprobación do proxecto da mesma, pasa por ordenar a imposición dun novo recurso para a facenda municipal, que terá a forma de recarga sobre o imposto sobre as estancias turísticas na comunidade autónoma de Galicia e que se aprobará conforme ao texto que figura como anexo desta memoria.

VIII. Constitúe o feito impoñible desta recarga a estancia turística, por días ou fraccións, con ou sen pernoita, que realizan os suxeitos pasivos nos establecementos e equipamentos turísticos situados na cidade da Coruña, gravados nos mesmos termos que fai a Lei 5/2024 respecto do imposto sobre as estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, constitúe o feito impoñible o fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico cando realice escala no porto da Coruña.

O importe da recarga sobre o imposto sobre as estancias turísticas consistirá nunha porcentaxe do 100 % sobre a cota íntegra do imposto conforme ás tarifas máximas establecidas no artigo 16 da Lei 5/2024 antes de aplicar a bonificación.

Así mesmo, o importe da recarga do imposto determínase polo número de días dos que conste cada período de estancia da persoa contribuínte nos establecementos de aloxamento turístico. No caso de estancias en embarcacións de cruceiro turístico, entenderase por estancia cada un dos períodos de vinte e catro horas ou fracción computados desde o fondeo ou amarre da embarcación.

Teñen a consideración de establecemento de aloxamento turístico os determinados na normativa reguladora en materia de turismo, que aos efectos desta ordenanza son os seguintes: establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, vivendas turísticas, vivendas de uso turístico, campamentos de turismo, establecementos de turismo rural e albergues turísticos.

A ordenanza prevé tamén a constitución dunha Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación da recarga.



Concello da Coruña

IX. Non estarán suxeitas á recarga sobre o imposto as estancias que realice calquera persoa por motivos de saúde, así como as dos seus acompañantes, sempre que quede xustificada a recepción das prestacións de atención sanitaria que formen parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia; as que realice unha persoa deportista federada pola concorrencia a partidos de competición oficial, debidamente xustificada; e as que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas.

Estarán exentas da recarga as seguintes estancias:

- As realizadas por persoas menores de idade non emancipadas.
- As realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.
- As estancias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea.
- As estancias realizadas en albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

Inés Rey García
Alcaldesa



ANEXO

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 34, REGULADORA DA RECARGA MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

ÍNDICE

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO E EXENCIÓNS

ARTIGO 4. RECARGO COTA CERO

ARTIGO 5. NORMAS DE APLICACIÓN AOS SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO, EXENCIÓN E TARIFA COTA CERO

ARTIGO 6. PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS

ARTIGO 7. IMPORTE DA RECARGA: TIPO DE GRAVAME E COTA

ARTIGO 8. PAGAMENTO

ARTIGO 9. PERÍODO IMPOSITIVO, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN E INGRESO DA AUTOLIQUIDACIÓN

ARTIGO 10. XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN

ARTIGO 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

ARTIGO 12. COMISIÓN MUNICIPAL DE ASESORAMENTO E SEGUIMENTO DA IMPLANTACIÓN DA RECARGA

ARTIGO 13. COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

ARTIGO 14. AFECTACIÓN DOS INGRESOS

ARTIGO 15. LEXISLACIÓN APLICABLE

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A [Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas](#) crea no Título I, Capítulo II, Sección 2ª, o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

A lei prevé o imposto como medida fiscal para impulsar o turismo sostible.

A sección 3ª da devandita lei, denominada «Recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia», sinala que os concellos poderán establecer de forma voluntaria, en execución da súa autonomía municipal, unha recarga municipal, como ingreso propio, sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas, cuxos ingresos estarán afectados, como mínimo nun 80 por cento, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo sostible.

En uso de tal facultade é polo que se propón a redacción da presente ordenanza por parte do Concello da Coruña, tras ser realizada consulta pública entre o 30 de xaneiro e o 26 de febreiro do 2025, na que se informou acerca dos problemas que se pretenden solucionar con esta normativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da mesma e as posibles solucións alternativas á implantación desta medida. Consta no expediente informe emitido ao respecto polo Servizo de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico.

Na elaboración da norma tívose en conta que o Concello recibe desde hai décadas un fluxo crecente de persoas visitantes, que supoñen unha poboación flotante de media dunhas 30.000 persoas, un 12% adicional á poboación residente.

Esta realidade, que se caracteriza, ademais, por unha concentración territorial moi marcada nalgúns barrios, representa para o Concello un exceso de custo no gasto dalgúns servizos públicos, que os fondos procedentes da recarga sobre o imposto contribuirán a paliar. Así mesmo, estes fondos deberán destinarse tamén a mellorar e diversificar a oferta turística, e a promover un modelo de turismo responsable e sostible.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

1. Esta entidade local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; de conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e ao abeiro da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece a recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxas normas atenden ao disposto na Sección 3ª do Capítulo II da citada lei autonómica.

2. Esta recarga réxese, en todo o que non prevexa esta ordenanza, pola devandita lei ou normativa posterior que a substitúa e pola Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección do Concello da Coruña.



ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible desta recarga a estancia turística, por días ou fraccións, con ou sen pernoita, que realizan os suxeitos pasivos nos establecementos e equipamentos turísticos situados na cidade da Coruña, gravados nos mesmos termos que fai a Lei 5/2024 respecto do imposto sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, constitúe o feito imponible o fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico cando realice escala no porto da Coruña.

2. Para estes efectos, teñen a consideración de establecemento de aloxamento turístico os determinados na normativa reguladora en materia de turismo, que aos efectos desta ordenanza son os seguintes:

- a. Establecementos hoteleiros.
- b. Apartamentos turísticos.
- c. Vivendas turísticas.
- d. Vivendas de uso turístico.
- e. Campamentos de turismo.
- f. Establecementos de turismo rural.
- g. Albergues turísticos.

3. Entenderase por estancia o goce do servizo de aloxamento, por día ou fracción, con pernoita ou sen ela. Considérase que as estancias nos establecementos de aloxamento turístico a que se refire o apartado 1 constitúen, en todo caso, estancias turísticas, sen prexuízo dos supostos de non suxeición previstos no artigo 3.

4. Entenderase por embarcación de cruceiro turístico a embarcación que realiza transporte por mar ou por vías navegables coa única finalidade de lecer ou de recreo, nos termos definidos no apartado 3º do artigo 12 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, pola que se establece o feito imponible do imposto.

ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO E DE EXENCIÓN

1. Non estarán suxeitas á recarga sobre o imposto as estancias seguintes:

- a) As que realice calquera persoa por motivos de saúde, así como as dos seus acompañantes, sempre que quede xustificada a recepción das prestacións de atención sanitaria que formen parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia.
- b) As que realice unha persoa deportista federada pola concorrencia a partidos de competición oficial, debidamente xustificada.



Concello da Coruña

c) As que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas.

2. Non se realizará o feito impositivo do imposto cando as embarcacións de cruceiro turístico tivesen como saída ou destino final un porto situado na Coruña cidade.

3. Estarán exentas as seguintes estancias:

a) As realizadas por persoas menores de idade non emancipadas.

b) As realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.

c) As estancias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea.

d) As estancias realizadas en albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

ARTIGO 4. RECARGA COTA CERO

Establécese unha recarga de cero euros para as estancias que se indican a continuación:

a) As que realice unha persoa deportista federada pola concorrencia debidamente xustificada a competicións oficiais que se celebren na cidade da Coruña.

b) As que se realicen con motivo habitacional como consecuencia da realización de obras de mellora ou acondicionamento na vivenda habitual na Coruña.

ARTIGO 5. NORMAS DE APLICACIÓN AOS SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO, EXENCIÓN E TARIFA COTA CERO

Primeira: A aplicación da non suxeición prevista no apartado 1.a) do artigo 3, relativa ás estancias efectuadas por motivos de saúde, queda condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) A persoa contribuínte deberá asinar unha declaración responsable onde se acredite que a estancia se efectúa por motivos de saúde, xa como receptora da prestación, xa como acompañante, ao darse o suposto de feito desta non suxeición. A declaración responsable debe incluír tamén os datos identificativos da persoa receptora da prestación e, no seu caso, das persoas que a acompañan. En caso de que sexan diversas as persoas contribuíntes, a declaración pode ser conxunta e téñense que facer constar os datos de todas elas, e a firma de calquera destas que sexa maior de idade.

b) Certificado do centro sanitario ou informe médico no que conste que a asistencia sanitaria recibida pola persoa contribuínte forma parte da carteira de servizos do SERGAS.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.01.



Concello da Coruña

Segunda: Para a aplicación da non suxeición prevista no apartado 1.b) do artigo 3, relativa ás estancias efectuadas por unha persoa deportista federada pola concorrencia a partidos de competición oficial, debidamente xustificada, ou para a aplicación da cota cero para deportistas federados que participen en competicións oficiais na cidade da Coruña do artigo 4, a persoa contribuínte deberá asinar unha declaración responsable na que se acredite que a estancia se efectúa polos devanditos motivos, indicando cal é o partido de competición oficial que se disputa ou cales son os datos da competición á que se asiste.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.02.

Terceira: Para a aplicación da non suxeición prevista no apartado 1.c) do artigo 3, relativa ás estancias que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas, enténdense por causas de forza maior os acontecementos que se produzan no termo municipal que non se puidesen prever ou ben que se puidesen prever pero fosen inevitables, tales como as catástrofes naturais ou os actos violentos.

Para gozar desta non suxeición, as persoas contribuíntes teñen que cumprir os seguintes requisitos:

a) Asinar unha declaración responsable na que se acredite que o acontecemento producido afecta á persoa contribuínte e que se efectúa o orzamento de feito desta non suxeición. A declaración responsable debe incluír tamén os datos identificativos da persoa contribuínte. En caso de que sexan diversas persoas, a declaración pode ser conxunta e téñense que facer constar os datos de todos as persoas contribuíntes, e a firma de calquera destas que sexa maior de idade.

b) Achegar un documento no que conste o acontecemento correspondente ou a activación dalgunha medida pública que se relacione, expedido pola Administración local, a menos que as circunstancias determinantes da concorrencia de forza maior resulten dunha declaración legal ou dunha situación de notoriedade coñecida pola propia administración.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.03.

Cuarta: A aplicación da exención prevista no apartado 3.a) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas por persoas menores de idade non emancipadas, queda condicionada á exhibición dos documentos que acrediten a idade do menor, como o documento de identidade, o pasaporte, o libro de familia ou outros documentos análogos, ou por calquera outro medio de proba admitido en dereito.

No caso de menores de 14 anos que non dispoñan de documento identificativo, admítase tamén a declaración responsable por parte do/da proxenitor/a, titor/a ou acompañante maior de idade.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.04.



Concello da Coruña

Quinta: A aplicación da exención prevista no apartado 3.b) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, queda condicionada á exhibición do certificado ou documento que acredite a discapacidade indicada.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.05.

Sexta: Para acreditar a exención á que se refire o apartado 3.c) do artigo 3, relativa ás estancias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea, é suficiente coa xustificación documental da reserva efectuada ou coa factura a cargo da entidade promotora do programa social, sempre que identifique claramente o programa a cargo do cal se financia a estancia. Todo isto sen prexuízo da xustificación por calquera outro medio de proba admitido en dereito.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.06.

Sétima: Para acreditar a exención á que se refire o apartado 3.d) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas nos albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, é suficiente con que presenten unha declaración responsable. O Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.07.

Oitava: O substituto da persoa contribuínte ten que conservar durante catro anos unha copia dos documentos ou, no seu caso, das declaracións responsables, utilizados en cada caso para xustificar os supostos de non suxeición, exención ou aplicación da cota cero anteriores.

ARTIGO 6. PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS

1. Será suxeito pasivo contribuínte da recarga do imposto toda persoa física que realice unha estancia nos establecementos de aloxamento turístico determinados no artigo 2 ou ben aquela persoa ou entidade a cuxo nome se entregue a factura ou documento análogo pola estancia de persoas físicas neses establecementos. No suposto de embarcacións de cruceiro turístico, considerarase suxeito pasivo contribuínte a persoa cruceirista que estea en tránsito no momento do pagamento do imposto.

2. Terán a condición de suxeito pasivo substituto da persoa contribuínte e estará obrigado ao cumprimento das obrigas materiais e formais do imposto:

a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que realice a explotación do establecemento de aloxamento turístico determinado na lei.

b) O consignatario que, de acordo coa lei estatal vixente de navegación marítima, actúe en nome e representación da empresa armadora ou navieira da embarcación de cruceiro turístico que estea en tránsito no momento da devindicación do imposto.



3. Terá o carácter de responsable solidario do ingreso das débedas tributarias correspondentes ás cotas devindicadas das persoas contribuíntes:

a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que sexa titular do establecemento turístico, que non sexa o suxeito pasivo.

b) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que contrate directamente en nome da persoa contribuínte e faga de intermediaria entre esta e os establecementos de aloxamento turístico.

ARTIGO 7. IMPORTE DA RECARGA: TIPO DE GRAVAME E COTA

1. O importe da recarga sobre o imposto sobre as estancias turísticas consistirá nunha porcentaxe do 100 % sobre a cota íntegra do imposto conforme ás tarifas máximas establecidas no artigo 16 da Lei 5/2024 antes de aplicar a bonificación.

2. O importe da recarga do imposto determínase polo número de días dos que conste cada período de estancia da persoa contribuínte nos establecementos de aloxamento turístico. No caso de estancias en embarcacións de cruceiro turístico, entenderase por estancia cada un dos períodos de vinte e catro horas ou fracción computados desde o fondeo ou amarre da embarcación.

3. Para os efectos da aplicación da recarga sobre o imposto, enténdese que son unidades de estancia os días ou as fraccións que comporta a estancia continuada da persoa contribuínte no mesmo establecemento ou equipamento turístico.

4. A Administración tributaria pode aplicar o método de estimación indirecta da base impoñible se o substituto da persoa contribuínte non presenta a autoliquidación da recarga ou presenta autoliquidacións incompletas ou inexactas e non achega os datos de ocupación do establecemento ou equipamento turístico que explota. Neste caso, o número de unidades de estancia no establecemento ou equipamento turístico determínase, preferentemente, e sen prexuízo da utilización doutros medios establecidos pola lexislación vixente, polos seguintes medios:

a) A partir dos datos estatísticos de ocupación dos establecementos ou equipamentos do mesmo tipo situados na Coruña.

b) A partir dos datos declarados por unha mostra de establecementos ou equipamentos regrados do mesmo tipo situados na mesma zona da cidade. Para ese efecto, enténdese por establecemento regrado o que está dado de alta no Rexistro de Turismo de Galicia.

c) A partir dos datos procedentes de estudos do sector elaborados por organismos públicos ou por organizacións privadas de acordo con técnicas estatísticas adecuadas.

d) A partir dos datos que constan no rexistro policial das persoas que se aloxan nos establecementos de hospedaxe situados na Coruña.



Concello da Coruña

5. Os datos obtidos para facer a estimación indirecta do número de estancias deben referirse, preferentemente, ao ano do período de declaración que a Administración tributaria pretende regularizar.

6. O importe da recarga sobre o imposto previsto nesta ordenanza será por estancia, por días ou fraccións, en atención á tipoloxía e características do establecemento, tal e como se detalla na seguinte táboa:

Tipo de establecemento	Recarga
1. Hotel de 5 estrelas, gran luxo, 4 estrelas superior, e establecemento ou equipamento de categoría equivalente	2,5 €
2. Hotel de 4 estrelas, 3 estrelas superior, 3 estrelas, 2 estrelas superior, e establecemento ou equipamento de categoría equivalente	2 €
3. Hotel de 2 estrelas, 1 estrela superior, 1 estrelas, pensións e establecemento ou equipamento de categoría equivalente	1,5 €
4. Vivenda de uso turístico, albergues, campamentos de turismo, establecementos de turismo rural	2 €
5. Vivendas turísticas	1 €
6. Embarcación de cruceiro	1,5 €

7. A cota tributaria da recarga obtense de multiplicar o número de estancias polo importe establecido no apartado anterior, cun límite de cinco estancias.

8. No suposto de reserva anticipada do aloxamento, a tarifa aplicable será a vixente no momento no que se produza a estadia.

ARTIGO 8. PAGAMENTO

A recarga sobre o imposto devindicarase ao comezo de cada estancia, computada por día ou fracción, nos establecementos de aloxamento turístico aos que se refire o feito impositivo do imposto. No suposto de cruceiros turísticos, o inicio da estancia acontecerá no momento no que a embarcación faga escala no porto da Coruña.

ARTIGO 9. PERÍODO IMPOSITIVO, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN E INGRESO DA AUTOLIQUIDACIÓN

1. O período impositivo realizarase por tempada:



Concello da Coruña

- a) Do 1 de xaneiro ao 30 de xuño.
- b) Do 1 de xullo ao 31 de decembro.

2. A autoliquidación ten que incluír as cotas devindicadas e esixibles dentro de cada semestre para cada establecemento ou equipamento turístico.

3. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar ante o Concello declaración para a autoliquidación. A presentación da autoliquidación realizarase de forma telemática na sede electrónica do Concello e o ingreso da recarga terase que efectuar dentro dos prazos seguintes:

- a) A correspondente ao período do 1 de xaneiro ao 30 de xuño, entre os días 1 e 20 de xullo.
- b) A correspondente ao período do 1 de xullo ao 31 de decembro, entre os días 1 e 20 de xaneiro.

4. A autoliquidación ten que incluír as cotas devindicadas e esixibles dentro de cada semestre para cada establecemento ou equipamento turístico.

5. No caso de explotar máis dun establecemento, os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte poderán efectuar a autoliquidación e o pago das cotas devindicadas da recarga da totalidade daqueles, dunha maneira agregada, mediante unha única autoliquidación.

6. Non será necesario presentar a autoliquidación cando non resulte ningunha cantidade para ingresar, sen prexuízo da obriga dos suxeitos pasivos substitutos de conservar a documentación acreditativa das exencións aplicadas ata que finalice o prazo de prescrición.

ARTIGO 10. XESTIÓN , INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A xestión, inspección e recadación da recarga do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e nas demais disposicións reguladoras da materia, así como na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección deste Concello.

Cando a persoa responsable da presentación non presente autoliquidación da recarga nos termos e cos requisitos previstos no artigo anterior, a Inspección poderá levantar acta con acordo de conformidade ou desconformidade, segundo o caso, con base aos documentos que permitan determinar a cota conforme ao artigo 5 desta ordenanza.

ARTIGO 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e disposicións que a desenvolven, e na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección deste Concello.



ARTIGO 12. COMISIÓN MUNICIPAL DE ASESORAMENTO E SEGUIMIENTO DA IMPLANTACIÓN DA RECARGA

No prazo de seis meses desde a aprobación da ordenanza, esta Administración municipal deberá constituír unha Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación da recarga. Estará formada por catro representantes do Concello da Coruña (persoas titulares das Xefaturas de Servizo de Xestión Tributaria e Turismo, da Dirección da Área de Administración Xeral e da Dirección da Área de Turismo), un/unha representante da Asociación Empresarial de Hospedaxe da Coruña (HOSPECO), un/unha representante da Autoridade Portuaria da Coruña e un/unha representante da Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana. A dita comisión aprobará os estatutos de regulación e finalidades da mesma, para dar cumprimento ao establecido no apartado 7 do artigo 24 da Lei 5/2024, de medidas fiscais e administrativas.

ARTIGO 13. COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

En cumprimento do deber de colaboración entre as administracións públicas que consagra o artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o Concello solicitará da Dirección Xeral da Policía a subministración periódica, por medios electrónicos e nos formatos e prazos que se determinen por convenio, dos datos contidos no rexistro de persoas aloxadas nos establecementos de aloxamento turístico situados na cidade da Coruña que sexan estritamente necesarios para aplicar a recarga do imposto sobre as estadias turísticas.

Considéranse datos estritamente necesarios os seguintes:

- a) A identificación do establecemento de aloxamento turístico situado na cidade da Coruña.
- b) A identificación da persoa titular da explotación do establecemento de aloxamento turístico.
- c) O número e tipo de documento de identidade da persoa que se aloxa no establecemento de aloxamento turístico, e a súa data de nacemento.
- d) A data de entrada no establecemento de aloxamento turístico de cada persoa que se aloxa e o número de días previstos da estadia.

ARTIGO 14. AFECTACIÓN DOS INGRESOS

1. De acordo co disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os ingresos da recarga estarán afectados nun 80 %, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo sustentable, tendo como destino as actuacións previstas no parágrafo 4 do citado artigo 24.

2. O control da correcta aplicación dos ingresos da recarga ás finalidades sinaladas corresponde ás concellarías competentes en materia de turismo e facenda.



Concello da Coruña

3. Logo do ditame do órgano de participación previsto no artigo 12, incluírase no orzamento de gastos o detalle da aplicación dos ingresos da recarga. Na liquidación verificarase a correcta e completa aplicación dos fondos ás finalidades sinaladas.

ARTIGO 15. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas; no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como na Ordenanza fiscal xeral aprobada por este Concello.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

As disposicións recollidas nesta ordenanza relativas á recarga sobre o imposto cando o feito imponible sexa o fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico que realicen escalas no porto da Coruña serán de aplicación a partir do exercicio 2026.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo pleno da corporación municipal na sesión celebrada o XX de XX de 2025, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do XX.XX.XX, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.



Concello da Coruña

Área / Unidad SERVIZO DE XESTION TRIBUTARIA RCG	Documento FRA19I081U	
Código de verificación : : : : : : ! " # : : \$: % & ' { } 5D2B 420T 3Q44 0V20 0WRZ	Expediente FRA/2025/1	
	Fecha 15-05-2025	

Informe Técnico: Avaliación da implantación dunha recarga sobre o imposto sobre as estadias turísticas na Coruña

1. Introducción

Nos últimos anos, numerosas cidades españolas optaron por implantar a mal denominada “*taxa turística*” xa que se trata dunha recarga sobre o imposto ás estancias turísticas. O Imposto foi creado pola Xunta de Galicia mediante a Lei 5/2024 do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas co obxectivo de financiar os custos que xera o turismo sobre as infraestruturas e servizos públicos.

Este informe pretende analizar os posibles efectos da implementación da recarga sobre o imposto na Coruña, con base en datos reais e experiencias contrastadas noutras cidades de España e Europa.

2. Marco Legal e Comparativo

A denominada popularmente como “*taxa turística*” está presente en moitas cidades europeas por estancias de pernoita nun establecemento hoteleiro (*Occupancy tax*) e que se soe engadir ao prezo que se paga coa reserva hoteleira ou ca pasaxe do avión.

A competencia para a aprobación deste imposto é autonómica. Está vixente en Cataluña desde 2012 (a cidade de Barcelona recadou no ano 2024 máis de 80 millóns por este concepto)¹, en Baleares vixente desde 2016 (e cunha previsión de ingresos para 2024 de máis de 135 millóns de euros). En Galicia, o lexislador autonómico estableceu a posibilidade de que os concellos poidan establecer unha recarga sobre o imposto de nova creación a través do artigo 24 da Lei 5/2024.

En base a esta habilitación A Coruña, e conforme aos principio de autonomía financeira local, ten previsto aprobar a ordenanza reguladora da recarga sobre o antedito imposto en xuño do 2025.

3. Impacto Económico

1

https://ajuntament.barcelona.cat/estrategiaifinances/sites/default/files/liquidaci%C3%B3%202024%20signada_InformeIntervencio_1.pdf



3.1 Recadación Estimada

Conforme a previsión de ingresos realizada no orzamento do Concello da Coruña do ano 2025, documento con CSV: 044F0I556C6J471D0G8T, espérase que a recarga sobre o imposto sobre estadias turísticas na Coruña xere ao redor de 2,5 millóns de euros anuais. O importe da recarga variará entre 1 e 2,5 euros por noite e aplicarase durante un máximo de 5 noites por estancia.

3.2. Impacto sobre o aumento ou diminución no número de turistas no destino

Tanto Cataluña desde 2012 como Baleares desde 2016 respectivamente, non acusaron unha diminución no número de turistas como consecuencia da implantación da taxa.

As evidencias dispoñibles poñen de manifesto que aqueles destinos que contan con estas medidas impositivas non sufriron caídas de rendas na facturación das empresas turísticas e cun efecto case insignificante nas rendas dos establecementos hoteleiros.

A experiencia noutras cidades indica que este tipo de recargas moderadas non disuaden significativamente ao turismo. Barcelona, por exemplo, incrementou o seu número de visitantes a pesar de contar cunha recarga sobre o imposto xa consolidado.² Con todo, A Coruña deberá vixiar a súa competitividade fronte a cidades con parecida oferta hoteleira na comunidade autónoma aínda que distinta turisticamente como Vigo ou Santiago, esta última tamén interesada en establecer a recarga sobre o imposto.

3.3 Emprego e Actividade Económica

O incremento de ingresos públicos podería traducirse en máis emprego en xestión turística, servizos culturais e mantemento urbano. Con todo, unha aplicación mal comunicada ou percibida negativamente podería reducir a demanda, afectando o emprego en hostalería e transporte.

4. Percepción Pública e Social

4.1 Opinión dos Residentes

² No ano 2024, Barcelona volveu encabezar a clasificación de destinos urbanos con maior nivel de ingresos (142,2€) (<https://www.exceltur.org/wp-content/uploads/2025/05/barometro-rentabilidad-balance-2024-.pdf>)



Concello da Coruña

Os estudos de Exceltur (2021)³ mostran que o 65% dos residentes en destinos turísticos apoian a creación da recarga sobre o imposto sobre establecementos turísticos se os fondos se reinvesten visiblemente. Na Coruña, está prevista a creación dunha comisión de seguimento para supervisar o uso da recarga, destinando polo menos un 80% a finalidades turísticas.

4.2 Opinión dos Turistas

A aceptación da recarga depende do valor percibido polos turistas. Así, en cidades como Lisboa ou Ámsterdam, os turistas toleran taxas/recargas similares cando os servizos e infraestruturas xustifican o custo adicional.

Do informe publicado polo Observatorio Turístico da Coruña⁴, respecto ao primeiro cuadrimestre do ano 2023 pódese extraer que a estancia media na cidade é de 2 días, do que resultaría un custo máximo por visita e turista de 5 euros, cantidade que non parece revestir un carácter disuasorio, fronte a oferta turística que ten nestes momentos a cidade.

5. A “taxa” como financiadora de políticas locais vinculadas ao turismo sustentable.

O apartado 4 do artigo 24 da Lei galega que a crea sinala que un mínimo do 80% dos ingresos que o Concello perciba pola mesma deberán dedicarse a inversións e gastos relacionados co pulo, protección, fomento e desenvolvemento do turismo sustentable, na forma en que determine a ordenanza municipal que estableza o recargo.

Son múltiples e variadas as accións locais que poden acometerse con esta recadación que, en síntese procura que os beneficiarios non sexan sen máis as administracións públicas competentes, senón a comunidade local, as empresas, a economía da cidade, o destino turístico e, fundamentalmente, o entorno ambiental, natural e social, e polo tanto os beneficiarios últimos serán tamén os visitantes que desfrutarán dun destino sustentable, con calidade de vida, con elementos coidados e con actividades a realizar respectuosas co patrimonio, cos entornos naturais e coa poboación local.

É importante subliñar que se ben o turismo é un importante motor de tracción económica para os destinos, non é menos certo que tamén produce externalidades e impactos negativos. Por iso, para a consecución de determinados obxectivos da Axenda 2030 da ONU de 2015 no destino, deben terse en conta as mesmas.

³ Fonte: [Barómetro-Rendibilidade-e-o-Emprego-Balance-2021.pdf](#)

⁴ <https://acorunaot.udc.es/wp-content/uploads/2023/09/informe-primer-cuatrimestre-2023.pdf>



A recarga sobre o imposto sobre establecementos turísticos permitirá financiar medidas de protección medioambiental como a rexeneración de praias, control de afluencia en áreas sensibles e promoción do transporte público. O último informe realizado por Exceltur (abril de 2025) ⁵ mostra que a mellora prevista no incremento do turismo está condicionada polos retos de xestión nalgunha das súas áreas máis visitadas. Así por exemplo En Baleares, parte dos fondos recadados destináronse a conservación mariña e rehabilitación enerxética de aloxamentos.

6. Conclusións

A implementación da recarga sobre o imposto nas estancias turísticas na Coruña representa unha oportunidade para avanzar cara a un modelo de turismo máis sostible e equilibrado. O éxito da medida dependerá dunha adecuada comunicación, xestión transparente e participación cidadá a través da Comisión Municipal de Asesoramento e seguimento da implementación da recarga .

O Concello da Coruña ven exercendo competencias en materia de turismo e tomando medidas para a organización de tal competencia ,no uso das competencias que lle atribúe o artigo 25.2.h) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. As distintas reorganizacións do organigrama do concello permitiron nos últimos tempos a creación dunha Dirección de Turismo, cun servizo propio, o Servizo de Turismo, que se dedica en exclusiva á xestión municipal desta competencia distinta da actividade exercida polo Consorcio de Turismo. O Consorcio ten como función principal o coñecido como turismo MICE, que engloba eventos de negocios do estilo de reunións, incentivos, conferencias e exposición e que está participado polo Concello, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación e a Autoridade Portuaria.

Para a xestión do sector turístico, o Orzamento do Concello do ano 2025 inclúe unha asignación total de 7.383.893,27 €, dos que 3.700.000 € corresponden á transferencia de fondos ao Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, financiado en mais dun 98 % polo Concello.

Ademais destes recursos, é importante sinalar que o Concello está nestes momentos executando un Plan de Sustentabilidade Turística denominado "A Coruña sostible e dixital" dotado con 3 millóns de euros, fondos que se achegan pola Secretaría de Estado de turismo, a Axencia de Turismo de Galicia e polo Concello da Coruña. Este Plan contempla múltiples actuacións ligadas a 5 eixes de actuación nos ámbitos da competitividade turística, a gobernanza, a participación cidadá, a comunicación dixital e a intelixencia turística.

⁵ <https://www.exceltur.org/wp-content/uploads/2025/04/exceltur-informe-perspectivas-n92-balance-del-it25-y-previsiones-para-el-iit25.pdf>



Concello da Coruña

No marco dese Plan convén sinalar que moitas das accións que se realizan son transversais ao conxunto da organización municipal, en tanto que se recollen actuacións que unha vez implantadas serán xestionadas por áreas distintas do Concello como Museos Científicos, medio Ambiente, Cultura ou Deportes, remarcando así o carácter transversal das políticas turísticas en tanto que estas contribúen á posta en valor dos recursos turísticos da cidade que son xestionados por outras áreas municipais.

Esta transversalidade explica que a consignación orzamentaria en políticas turísticas do Concello sexa maior da explicada, xa que o mantemento dos recursos turísticos municipais (espazos naturais, parques, museos, praias...) e a realización de grandes eventos culturais e deportivos con evidente tracción turística implican dotacións orzamentarias noutras áreas municipais de importante contía.

Así pois, tendo en conta que cando menos nun 80 por cento, os recursos obtidos pola recarga sobre o imposto as estancias turística na cidade da Coruña estarán afectados a investimentos e a gastos vinculados á promoción, o impulso, a protección, o fomento e o desenvolvemento do turismo sustentable, este ingreso deberá permitir mellorar a experiencia turística, preservar a contorna e elevar a calidade de vida local conformes as políticas anteriormente descritas.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do documento

A xefa de Servizo de Xestión Tributaria

Rosario Carballo Gómez

Conforme

O director da Area de Administración Xeral

Manuel A. Jove Losada



Concello da Coruña

Área / Unidade SERVIZO DE XESTION TRIBUTARIA DIRECCIÓN DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA RCG	Documento FRA19I08BE	
Código de verificación  0S09 144S 130J 370J 18KC	Expediente FRA/2025/1	
	DATA 22-05-2025	

INFORME PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASUNTO: IMPOSICIÓN E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 34, REGULADORA DA RECARGA MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADIAS TURÍSTICAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O presente expediente ten por obxecto acordar a imposición e aprobación da Ordenanza fiscal número 34, reguladora da recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia

De acordo co anterior, a Alcaldía elaborou a Memoria que xustifica a imposición da ordenanza, e que consta dun Anexo co texto a aprobar.

A ordenanza redáctase seguindo o indicado na [Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas](#), que crea no Título I, Capítulo II, Sección 2ª, o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxa Sección 3ª, denominada «Recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia», sinala que os concellos poderán establecer de forma voluntaria, en execución da súa autonomía municipal, unha recarga municipal, como ingreso propio, sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas, cuxos ingresos estarán afectados, como mínimo nun 80 por cento, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo sostible.

A ordenanza a aprobar contén 15 artigos redactados conforme á normativa autonómica indicada, unha disposición transitoria e unha disposición final. Os artigos 2 e 3 da ordenanza reproducen en parte os artigos 12 e 13 da lei autonómica, tendo en conta as particularidades dos establecementos existentes no termo municipal da Coruña.

O artigo 4 da normativa a aprobar prevé unha cota de cero euros para os deportistas federados pola concorrencia debidamente xustificada a competicións oficiais que se celebren na cidade da Coruña, xa que a lei unicamente prevé suposto de non suxeición para a persoa deportista federada que concorra **a partidos** de competición oficial. Igualmente establece unha recarga de cero euros para as estadias que se realicen con motivo habitacional como consecuencia da realización de obras de mellora ou acondicionamento na vivenda habitual no termo municipal.



Concello da Coruña

A normativa prevé as tarifas polo importe máximo previsto na lei, cun límite de cinco estancias e a posibilidade de determinar a estimación indirecta da recarga a aboar.

A ordenanza establece, así mesmo, que se poida asinar un convenio coa Dirección Xeral de Policía para aplicar correctamente a recarga, e que no prazo de seis meses desde a aprobación do texto se constituirá unha comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación da recarga.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

A normativa de aplicación en relación co asunto de referencia é a seguinte:

- [Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local \(LBRL\).](#)
- [Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria \(LXT\).](#)
- [Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais \(TRLRFL\).](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno \(Lei de transparencia\).](#)
- [Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.](#)
- [Regulamento do Órgano para a Resolución das Reclamacións Económico Administrativas.](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Potestade regulamentaria

De acordo co establecido no artigo 4.1c) e d) da LBRL correspóndelles aos municipios, na súa calidade de administracións públicas territoriais, e dentro da esfera das súas competencias, as potestades regulamentaria e tributaria.

A potestade regulamentaria en materia tributaria, tal e como a regula o artigo 106.2 da mesma norma, exerceuse a través de ordenanzas fiscais reguladoras de tributos propios e de ordenanzas xerais de xestión, recadación e inspección. No mesmo sentido, pronúnciase o artigo 15.3 do TRLRFL.

Polo que se refire á aprobación dunha nova ordenanza fiscal obxecto deste expediente, o artigo 16.1 do TRLRFL establece que “os acordos de aprobación das ordenanzas fiscais deberán adoptarse simultaneamente aos de fixación dos elementos regulados naquelas”.

2.- Procedemento

En canto ao procedemento de aprobación é de aplicación o previsto nos artigos 15 a 19 do TRLRFL. Os acordos provisionais de imposición e ordenación adoptados pola corporación someteranse á exposición pública no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo de 30 días hábiles, como mínimo. Igualmente, publicaranse os anuncios de exposición no BOP e nun diario dos de maior difusión da provincia da Coruña. Durante este prazo, aquelas persoas que teñan a condición de interesadas poderán examinar o expediente e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.



Concello da Coruña

Finalizado o período de exposición pública, o Concello adoptará o acordo que proceda, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da ordenanza. Naqueles casos nos que non se presentaron reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

En todo caso, os acordos definitivos, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Coruña, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación.

Doutra banda, de acordo co establecido no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (Lei de transparencia); as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, publicarán as memorias e informes que conformen os expedientes de elaboración dos textos normativos. Igualmente no apartado d) do mesmo artigo sinálase que se publicarán os documentos que, conforme á lexislación sectorial vixente, deban ser sometidos a un período de información pública durante a súa tramitación.

Consta no expediente informe do Servizo de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico, emitido o 27.02.2025, sobre a consulta pública previa levada a cabo entre os días 30 de xaneiro e 26 de febreiro de 2025 mediante a habilitación dun formulario e dun documento explicativo difundidos a través da web municipal.

3.- Competencia

En canto aos órganos competentes, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo Municipal (artigo 137.1 b da LBRL e 2.b do Regulamento do TEAM), a aprobación dos proxectos de ordenanzas fiscais (artigo 127.1. a) da LBRL e artigo 4.1 da OXX). Finalmente, correspóndelle ao pleno da corporación municipal a aprobación das ordenanzas fiscais (artigo 123.1.d da LBRL), co quórum esixido no artigo 123.2 da LBRL. En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local que, previa deliberación e exame do expediente, proceda á adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: A imposición da recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, en aplicación do artigo 24 da [Lei 5/2024 do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia](#).

SEGUNDO: Aprobar o proxecto da Ordenanza fiscal número 34, reguladora da recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, co texto que figura no anexo do documento con CSV: 6H6U 3O4M 0Q53 6O49 0HQ5, e a súa posterior remisión ao pleno da corporación municipal para a súa aprobación provisional.



Concello da Coruña

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

Rosario Carballo Gómez

Xefa do Servizo de Xestión Tributaria

Manuel Ángel Jove Losada

Director da Área de Administración Xeral

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica



Concello da Coruña

Área / Unidad SERVIZO DE XESTION TRIBUTARIO GT3200 RCG	Documento 36619I001D	
Código de verificación  075F 2Y0S 4A68 1J6A 061Y	Expediente FRA/2025/1	
	Data 26-05-2025	

ASUNTO: ACORDO PARA APROBACION ORDENANZA FISCAL Nº 34 REGULADORA DA RECARGA SOBRE O IMPOSTO AS ESTADIAS TURISTICAS NA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA

SÓLIDOS URBANOS

En cumprimento do establecido no artigo 137.1 b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local remítese, para o seu ditame, o expediente referido no asunto, acompañando ao presente escrito a seguinte documentación:

- Memoria de Alcaldía.
- Informe impacto da aprobación da ordenanza
- Informe proposta á Xunta de Goberno Local.

*A Coruña, na data da sinatura electrónica documento
A Xefa de Servizo de Xestión Tributaria.- M^a Rosario Carballo Gómez*



Concello da Coruña

Area / Unidade TRIBUNAL ECONOMICO-ADMINISTRATIVO TE0000 MCAV	Documento 30019I00OG	
Código de verificación  401S 1K23 2M0L 5507 0JW0	Expediente FRA/2025/1	
	Data 27-05-2025	

EXPEDIENTE: ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA RECARGA MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

ASUNTO: DITAME

DITAME

O día vinte sete de maio de dous mil vinte cinco, o Tribunal Económico-Administrativo Municipal celebrou sesión plenaria, con carácter extraordinario, ao obxecto de ditaminar relativo á **proposta de aprobación da** ordenanza fiscal reguladora da recarga municipal sobre o Imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia

ANTECEDENTES:

Con data do vinte e seis de maio de dous mil vinte e cinco tivo entrada no rexistro do TEAM o expediente relativo á proposta de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da recarga municipal sobre o Imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, có obxecto de que o Tribunal emita o ditame a que se refire o artigo 137.1.b) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 2.b) do Regulamento do órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas aprobado polo Concello da Coruña.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- ☐ Constitución Española.
- ☐ Lei 7/1985, do 7 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- ☐ Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- ☐ Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- ☐ Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.
- ☐ Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- ☐ Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- ☐ Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia
- ☐ Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- ☐ Regulamento do órgano para a resolución de reclamacións económico-administrativas, aprobado polo Concello da Coruña o día 2 de novembro de 2004.

O expediente recibido consta da seguinte documentación:



Concello da Coruña

Informe proposta para a tramitación da consulta pública previa sobre a conveniencia e necesidade da elaboración dunha ordenanza fiscal co obxecto de crear unha recarga municipal no Imposto Galego sobre as estadias Turísticas para a Cidade da Coruña da xefa do Servizo de Xestión Tributaria, do Director da Área de administración Xeral e do Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica.

Trámite de consulta Pública previa sobre o proxecto de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por estadias turísticas na cidade da Coruña.

Informe do xefe de Sección de Innovación Tecnolóxica sobre a publicación da consulta pública previa da ordenanza reguladora sobre a recarga municipal sobre o imposto galego de estadias turísticas, no que se constata que o formulario estivo accesible en internet estre as datas e horas concretas do 30/01/2025 ata o 26/02/2025.

Alegacións presentadas polos interesados ó citado proxecto.

Proposta da ordenanza Fiscal número 34, reguladora da recarga municipal sobre o Imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Modelos de declaración responsable para o recargo municipal no imposto recollidos na citada ordenanza.

Informe Técnico sobre Avaliación da implantación dunha recarga sobre o imposto as estadias turísticas na Coruña so Servizo de Xestión Tributaria.

Petición de informe sobre impacto de xénero.

Petición de informe sobre impacto delegado de protección de datos.

Memoria da Alcaldía sobre a Imposición e Aprobación da ordenanza Fiscal número 34, reguladora da recarga municipal sobre o Imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia

CONTIDO DA PROPOSTA:

No expediente constátase a importancia da actividade turística tanto a nivel estatal, como autonómico e local. Así consta na Memoria da Alcaldía que *“polo que respecta aos datos na cidade da Coruña, segundo fontes municipais de turismo, detectouse un incremento no número total de turistas na comparativa 2022-2024, que ofrece un crecemento acumulado do 23,90. Así, segundo datos do INE, se en 2022 a cifra de turistas na cidade foi de 744.822, en 2024 a cifra pasa a 922.861, representando o turista nacional o 84,11%, sendo os meses de maior concentración os de xullo a outubro para o turista nacional e de agosto a setembro para os internacionais.”*

Estes datos tradúcense *“nun incremento no custo da prestación da maioría dos servizos públicos, como a xestión de residuos, a salubridade pública ou a protección do medio ambiente que en ocasións, pode supoñer, mesmo, a necesidade de prestar servizos ou realizar investimentos adicionais”*.

No marco deste aumento das necesidades que orixina esta demanda turística, precisa adecuar o seu impacto no sistema de financiación local.

Á proposta de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da recarga municipal sobre o Imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, remitida para o seu ditame por este Tribunal, en cumprimento do establecido no artigo 137.1 b da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ten por obxectivo de conformidade có disposto na Lei 5/2024, do 27 de decembro de Medidas Fiscais e Administrativas establecer unha recarga municipal, como ingreso propio, sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas.

A Lei prevé, como medida fiscal para impulsar o turismo sustentable, a creación do imposto sobre estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, como tributo indirecto, instantáneo e propio da Comunidade Autónoma. O imposto gravará a especial capacidade económica das persoas físicas posta de manifesto pola súa estadia en calquera establecemento turístico situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

No sección 3ª, da Lei, denominada «Recarga municipal sobre o imposto galego nas estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia», prevese que os concellos poderán establecer de forma voluntaria, en execución da súa autonomía municipal, unha recarga sobre o imposto autonómico ás estadias turísticas, cuxos



Concello da Coruña

ingresos estarán afectados, cando menos nun 80 por cento, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, o impulso, a protección, o fomento e o desenvolvemento do turismo sustentable.

A presente proposta de ordenanza, responde a necesidade de esa regulación, e obtención de ingresos que estarán afectados, nos termos sinalados da lei.

No texto normativo da ordenanza, son desenvolvidos o feito imponible da recarga a estancia turística que será por días ou fraccións con ou sen pernoita, que realizan os suxeitos pasivos nos establecementos e equipamentos turísticos situados na cidade da Coruña, gravados nos mesmos termos que fai a Lei 5/2024 respecto do imposto sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia), os supostos de non suxeición e de exención (albergues públicos...),.

O texto proposto regula o suxeito pasivo contribuínte, o suxeito pasivo substituto, da recarga do imposto, nos mesmos termos previstos na Lei 5/2024 e fixa os responsables solidarios do ingreso das débedas tributarias.

Ademais fixa o tipo de gravame e a cota, o pagamento, o período impositivo forma e presentación e ingreso mediante auto liquidación e o modo de xestión, inspección e recadación así como ás infraccións e sancións de conformidade co sinalado pola Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Xeral de xestión, Recadación e Inspección deste Concello.

Crea a Comisión Municipal de asesoramento e Seguimento da Implantación da Recarga que deberá constituírse nun prazo de seis meses des a aprobación da ordenanza, regulando os compoñentes da mesma e indica que dita comisión aprobará os estatutos de regulación e finalidades da mesma de acordo co establecido no apartado 7 do artigo 24 Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Regula no artigo 13, un mecanismo de colaboración interadministrativa de acceso a datos contidos no Rexistro de Persoas Aloxadas e no artigo 14, dedícaa a establecer o sistema de afectación de ingresos de acordo có disposto no artigo 24 da Lei 5/2024.

Por último nas disposicións transitoria e final fixa o período de aplicación

En virtude de todo o exposto, de conformidade co preceptuado no artigo 137.1.b) da Lei 7/1985, do 7 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 2.b) do Regulamento do órgano para a resolución de reclamacións económico-administrativas, o Tribunal Económico-Administrativo Municipal,

ACORDA:

DITAMINAR FAVORABLEMENTE ó proxecto de ordenanza fiscal nº 34, reguladora da recarga municipal sobre o Imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Coruña, vinte e sete de maio de dous mil vinte e cinco.

O Presidente-Accidental,

Asdo.: José María Pérez Ferrol

O Vogal-Secretario,

Asdo.: José Antonio Gómez García



Concello da Coruña

Área / Unidade SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA DIRECCIÓN DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA SAL	Documento FRA19I08GL	
Código de verificación .:.:.: :!":#\$%&.: '# { } * 035L 3W11 5I63 2C4Z 0S2B	Expediente FRA/2025/1	
	Fecha 27-05-2025	

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 28 de maio de 2025, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

Dirección da Área de Administración Xeral

Servizo de Xestión Tributaria

Expediente FRA/2025/1

Asunto: Imposición e aprobación do proxecto da Ordenanza fiscal número 34, reguladora da recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia

Previa deliberación, de conformidade co informe–proposta (CVS: 0S09 144S 130J 370J 18KC) que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro: A imposición da recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, en aplicación do artigo 24 da [Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia](#).

Segundo: Aprobar o proxecto da Ordenanza fiscal número 34, reguladora da recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, co texto que figura no anexo do documento con CSV: 6H6U 3O4M 0Q53 6O49 0HQS, e a súa posterior remisión ao pleno da corporación municipal para a súa aprobación provisional.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min a oficial maior, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargada das funcións de fe pública, segundo a Disposición Adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local Confrontado e conforme, a oficial maior

José Manuel Lage Tuñas

María Esther Álvarez Martínez



Concello da Coruña

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 34, REGULADORA DA RECARGA MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

ÍNDICE

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO E EXENCIÓNS

ARTIGO 4. RECARGO COTA CERO

ARTIGO 5. NORMAS DE APLICACIÓN AOS SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO, EXENCIÓN E TARIFA COTA CERO

ARTIGO 6. PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS

ARTIGO 7. IMPORTE DA RECARGA: TIPO DE GRAVAME E COTA

ARTIGO 8. PAGAMENTO

ARTIGO 9. PERÍODO IMPOSITIVO, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN E INGRESO DA AUTOLIQUIDACIÓN

ARTIGO 10. XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN

ARTIGO 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

ARTIGO 12. COMISIÓN MUNICIPAL DE ASESORAMENTO E SEGUIMENTO DA IMPLANTACIÓN DA RECARGA

ARTIGO 13. COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

ARTIGO 14. AFECTACIÓN DOS INGRESOS

ARTIGO 15. LEXISLACIÓN APLICABLE

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA



Concello da Coruña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A [Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas](#) crea no Título I, Capítulo II, Sección 2ª, o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

A lei prevé o imposto como medida fiscal para impulsar o turismo sostible.

A sección 3ª da devandita lei, denominada «Recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia», sinala que os concellos poderán establecer de forma voluntaria, en execución da súa autonomía municipal, unha recarga municipal, como ingreso propio, sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas, cuxos ingresos estarán afectados, como mínimo nun 80 por cento, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo sostible.

En uso de tal facultade é polo que se propón a redacción da presente ordenanza por parte do Concello da Coruña, tras ser realizada consulta publica entre o 30 de xaneiro e o 26 de febreiro do 2025, na que se informou acerca dos problemas que se pretenden solucionar con esta normativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da mesma e as posibles solucións alternativas á implantación desta medida. Consta no expediente informe emitido ao respecto polo Servizo de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico.

Na elaboración da norma tívose en conta que o Concello recibe desde hai décadas un fluxo crecente de persoas visitantes, que supoñen unha poboación flotante de media dunhas 30.000 persoas, un 12% adicional á poboación residente.

Esta realidade, que se caracteriza, ademais, por unha concentración territorial moi marcada nalgúns barrios, representa para o Concello un exceso de custo no gasto dalgúns servizos públicos, que os fondos procedentes da recarga sobre o imposto contribuirán a paliar. Así mesmo, estes fondos deberán destinarse tamén a mellorar e diversificar a oferta turística, e a promover un modelo de turismo responsable e sostible.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

1. Esta entidade local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; de conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e ao abeiro da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece a recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxas normas atenden ao disposto na Sección 3ª do Capítulo II da citada lei autonómica.

2. Esta recarga réxese, en todo o que non prevexa esta ordenanza, pola devandita lei ou normativa posterior que a substitúa e pola Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección do Concello da Coruña.



Concello da Coruña

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible desta recarga a estancia turística, por días ou fraccións, con ou sen pernoita, que realizan os suxeitos pasivos nos establecementos e equipamentos turísticos situados na cidade da Coruña, gravados nos mesmos termos que fai a Lei 5/2024 respecto do imposto sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, constitúe o feito imponible o fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico cando realice escala no porto da Coruña.

2. Para estes efectos, teñen a consideración de establecemento de aloxamento turístico os determinados na normativa reguladora en materia de turismo, que aos efectos desta ordenanza son os seguintes:

- a. Establecementos hoteleiros.
- b. Apartamentos turísticos.
- c. Vivendas turísticas.
- d. Vivendas de uso turístico.
- e. Campamentos de turismo.
- f. Establecementos de turismo rural.
- g. Albergues turísticos.

3. Entenderase por estancia o goce do servizo de aloxamento, por día ou fracción, con pernoita ou sen ela. Considérase que as estancias nos establecementos de aloxamento turístico a que se refire o apartado 1 constitúen, en todo caso, estancias turísticas, sen prexuízo dos supostos de non suxeición previstos no artigo 3.

4. Entenderase por embarcación de cruceiro turístico a embarcación que realiza transporte por mar ou por vías navegables coa única finalidade de lecer ou de recreo, nos termos definidos no apartado 3º do artigo 12 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, pola que se establece o feito imponible do imposto.

ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO E DE EXENCIÓN

1. Non estarán suxeitas á recarga sobre o imposto as estancias seguintes:

- a) As que realice calquera persoa por motivos de saúde, así como as dos seus acompañantes, sempre que quede xustificada a recepción das prestacións de atención sanitaria que formen parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia.
- b) As que realice unha persoa deportista federada pola concorrencia a partidos de competición oficial, debidamente xustificada.
- c) As que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas.



Concello da Coruña

2. Non se realizará o feito impoñible do imposto cando as embarcacións de cruceiro turístico tivesen como saída ou destino final un porto situado na Coruña cidade.

3. Estarán exentas as seguintes estancias:

a) As realizadas por persoas menores de idade non emancipadas.

b) As realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.

c) As estancias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea.

d) As estancias realizadas en albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

ARTIGO 4. RECARGA COTA CERO

Establécese unha recarga de cero euros para as estancias que se indican a continuación:

a) As que realice unha persoa deportista federada pola concorrência debidamente xustificada a competicións oficiais que se celebren na cidade da Coruña.

b) As que se realicen con motivo habitacional como consecuencia da realización de obras de mellora ou acondicionamento na vivenda habitual na Coruña.

ARTIGO 5. NORMAS DE APLICACIÓN AOS SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO, EXENCIÓN E TARIFA COTA CERO

Primeira: A aplicación da non suxeición prevista no apartado 1.a) do artigo 3, relativa ás estancias efectuadas por motivos de saúde, queda condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) A persoa contribuínte deberá asinar unha declaración responsable onde se acredite que a estancia se efectúa por motivos de saúde, xa como receptora da prestación, xa como acompañante, ao darse o suposto de feito desta non suxeición. A declaración responsable debe incluír tamén os datos identificativos da persoa receptora da prestación e, no seu caso, das persoas que a acompañan. En caso de que sexan diversas as persoas contribuíntes, a declaración pode ser conxunta e téñense que facer constar os datos de todas elas, e a firma de calquera destas que sexa maior de idade.

b) Certificado do centro sanitario ou informe médico no que conste que a asistencia sanitaria recibida pola persoa contribuínte forma parte da carteira de servizos do SERGAS.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.01.

Segunda: Para a aplicación da non suxeición prevista no apartado 1.b) do artigo 3, relativa ás estancias efectuadas por unha persoa deportista federada pola concorrência a partidos de competición oficial,



Concello da Coruña

debidamente xustificada, ou para a aplicación da cota cero para deportistas federados que participen en competicións oficiais na cidade da Coruña do artigo 4, a persoa contribuínte deberá asinar unha declaración responsable na que se acredite que a estancia se efectúa polos devanditos motivos, indicando cal é o partido de competición oficial que se disputa ou cales son os datos da competición á que se asiste.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.02.

Terceira: Para a aplicación da non suxeición prevista no apartado 1.c) do artigo 3, relativa ás estancias que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas, enténdense por causas de forza maior os acontecementos que se produzan no termo municipal que non se puidesen prever ou ben que se puidesen prever pero fosen inevitables, tales como as catástrofes naturais ou os actos violentos.

Para gozar desta non suxeición, as persoas contribuíntes teñen que cumprir os seguintes requisitos:

a) Asinar unha declaración responsable na que se acredite que o acontecemento producido afecta á persoa contribuínte e que se efectúa o orzamento de feito desta non suxeición. A declaración responsable debe incluír tamén os datos identificativos da persoa contribuínte. En caso de que sexan diversas persoas, a declaración pode ser conxunta e téñense que facer constar os datos de todas as persoas contribuíntes, e a firma de calquera destas que sexa maior de idade.

b) Achegar un documento no que conste o acontecemento correspondente ou a activación dalgunha medida pública que se relacione, expedido pola Administración local, a menos que as circunstancias determinantes da concorrencia de forza maior resulten dunha declaración legal ou dunha situación de notoriedade coñecida pola propia administración.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.03.

Cuarta: A aplicación da exención prevista no apartado 3.a) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas por persoas menores de idade non emancipadas, queda condicionada á exhibición dos documentos que acrediten a idade do menor, como o documento de identidade, o pasaporte, o libro de familia ou outros documentos análogos, ou por calquera outro medio de proba admitido en dereito.

No caso de menores de 14 anos que non dispoñan de documento identificativo, admítase tamén a declaración responsable por parte do/da proxenitor/a, titor/a ou acompañante maior de idade.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.04.

Quinta: A aplicación da exención prevista no apartado 3.b) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, queda condicionada á exhibición do certificado ou documento que acredite a discapacidade indicada.



Concello da Coruña

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.05.

Sexta: Para acreditar a exención á que se refire o apartado 3.c) do artigo 3, relativa ás estancias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea, é suficiente coa xustificación documental da reserva efectuada ou coa factura a cargo da entidade promotora do programa social, sempre que identifique claramente o programa a cargo do cal se financia a estancia. Todo isto sen prexuízo da xustificación por calquera outro medio de proba admitido en dereito.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.06.

Sétima: Para acreditar a exención á que se refire o apartado 3.d) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas nos albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, é suficiente con que presenten unha declaración responsable. O Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.07.

Oitava: O substituto da persoa contribuínte ten que conservar durante catro anos unha copia dos documentos ou, no seu caso, das declaracións responsables, utilizados en cada caso para xustificar os supostos de non suxeición, exención ou aplicación da cota cero anteriores.

ARTIGO 6. PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS

1. Será suxeito pasivo contribuínte da recarga do imposto toda persoa física que realice unha estancia nos establecementos de aloxamento turístico determinados no artigo 2 ou ben aquela persoa ou entidade a cuxo nome se entregue a factura ou documento análogo pola estancia de persoas físicas neses establecementos. No suposto de embarcacións de cruceiro turístico, considerarase suxeito pasivo contribuínte a persoa cruceirista que estea en tránsito no momento do pagamento do imposto.

2. Terán a condición de suxeito pasivo substituto da persoa contribuínte e estará obrigado ao cumprimento das obrigas materiais e formais do imposto:

a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que realice a explotación do establecemento de aloxamento turístico determinado na lei.

b) O consignatario que, de acordo coa lei estatal vixente de navegación marítima, actúe en nome e representación da empresa armadora ou navieira da embarcación de cruceiro turístico que estea en tránsito no momento da devindicación do imposto.

3. Terá o carácter de responsable solidario do ingreso das débedas tributarias correspondentes ás cotas devindicadas das persoas contribuíntes:



a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que sexa titular do establecemento turístico, que non sexa o suxeito pasivo.

b) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que contrate directamente en nome da persoa contribuínte e faga de intermediaria entre esta e os establecementos de aloxamento turístico.

ARTIGO 7. IMPORTE DA RECARGA: TIPO DE GRAVAME E COTA

1. O importe da recarga sobre o imposto sobre as estancias turísticas consistirá nunha porcentaxe do 100 % sobre a cota íntegra do imposto conforme ás tarifas máximas establecidas no artigo 16 da Lei 5/2024 antes de aplicar a bonificación.

2. O importe da recarga do imposto determínase polo número de días dos que conste cada período de estancia da persoa contribuínte nos establecementos de aloxamento turístico. No caso de estancias en embarcacións de cruceiro turístico, entenderase por estancia cada un dos períodos de vinte e catro horas ou fracción computados desde o fondeo ou amarre da embarcación.

3. Para os efectos da aplicación da recarga sobre o imposto, enténdese que son unidades de estancia os días ou as fraccións que comporta a estancia continuada da persoa contribuínte no mesmo establecemento ou equipamento turístico.

4. A Administración tributaria pode aplicar o método de estimación indirecta da base impositiva se o substituto da persoa contribuínte non presenta a autoliquidación da recarga ou presenta autoliquidacións incompletas ou inexactas e non achega os datos de ocupación do establecemento ou equipamento turístico que explota. Neste caso, o número de unidades de estancia no establecemento ou equipamento turístico determínase, preferentemente, e sen prexuízo da utilización doutros medios establecidos pola lexislación vixente, polos seguintes medios:

a) A partir dos datos estatísticos de ocupación dos establecementos ou equipamentos do mesmo tipo situados na Coruña.

b) A partir dos datos declarados por unha mostra de establecementos ou equipamentos regrados do mesmo tipo situados na mesma zona da cidade. Para ese efecto, enténdese por establecemento regrado o que está dado de alta no Rexistro de Turismo de Galicia.

c) A partir dos datos procedentes de estudos do sector elaborados por organismos públicos ou por organizacións privadas de acordo con técnicas estatísticas adecuadas.

d) A partir dos datos que constan no rexistro policial das persoas que se aloxan nos establecementos de hospedaxe situados na Coruña.

5. Os datos obtidos para facer a estimación indirecta do número de estancias deben referirse, preferentemente, ao ano do período de declaración que a Administración tributaria pretende regularizar.



Concello da Coruña

6. O importe da recarga sobre o imposto previsto nesta ordenanza será por estancia, por días ou fraccións, en atención á tipoloxía e características do establecemento, tal e como se detalla na seguinte táboa:

Tipo de establecemento	Recarga
1. Hotel de 5 estrelas, gran luxo, 4 estrelas superior, e establecemento ou equipamento de categoría equivalente	2,5 €
2. Hotel de 4 estrelas, 3 estrelas superior, 3 estrelas, 2 estrelas superior, e establecemento ou equipamento de categoría equivalente	2 €
3. Hotel de 2 estrelas, 1 estrela superior, 1 estrela, pensións e establecemento ou equipamento de categoría equivalente	1,5 €
4. Vivenda de uso turístico, albergues, campamentos de turismo, establecementos de turismo rural	2 €
5. Vivendas turísticas	1 €
6. Embarcación de cruceiro	1,5 €

7. A cota tributaria da recarga obtense de multiplicar o número de estancias polo importe establecido no apartado anterior, cun límite de cinco estancias.

8. No suposto de reserva anticipada do aloxamento, a tarifa aplicable será a vixente no momento no que se produza a estadia.

ARTIGO 8. PAGAMENTO

A recarga sobre o imposto devindicarase ao comezo de cada estancia, computada por día ou fracción, nos establecementos de aloxamento turístico aos que se refire o feito impositivo do imposto. No suposto de cruceiros turísticos, o inicio da estancia acontecerá no momento no que a embarcación faga escala no porto da Coruña.

ARTIGO 9. PERÍODO IMPOSITIVO, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN E INGRESO DA AUTOLIQUIDACIÓN

1. O período impositivo realizarase por tempada:

a) Do 1 de xaneiro ao 30 de xuño.



Concello da Coruña

b) Do 1 de xullo ao 31 de decembro.

2. A autoliquidación ten que incluír as cotas devindicadas e esixibles dentro de cada semestre para cada establecemento ou equipamento turístico.

3. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar ante o Concello declaración para a autoliquidación. A presentación da autoliquidación realizarase de forma telemática na sede electrónica do Concello e o ingreso da recarga terase que efectuar dentro dos prazos seguintes:

a) A correspondente ao período do 1 de xaneiro ao 30 de xuño, entre os días 1 e 20 de xullo.

b) A correspondente ao período do 1 de xullo ao 31 de decembro, entre os días 1 e 20 de xaneiro.

4. A autoliquidación ten que incluír as cotas devindicadas e esixibles dentro de cada semestre para cada establecemento ou equipamento turístico.

5. No caso de explotar máis dun establecemento, os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte poderán efectuar a autoliquidación e o pago das cotas devindicadas da recarga da totalidade daqueles, dunha maneira agregada, mediante unha única autoliquidación.

6. Non será necesario presentar a autoliquidación cando non resulte ningunha cantidade para ingresar, sen prexuízo da obriga dos suxeitos pasivos substitutos de conservar a documentación acreditativa das exencións aplicadas ata que finalice o prazo de prescrición.

ARTIGO 10. XESTIÓN , INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A xestión, inspección e recadación da recarga do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e nas demais disposicións reguladoras da materia, así como na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección deste Concello.

Cando a persoa responsable da presentación non presente autoliquidación da recarga nos termos e cos requisitos previstos no artigo anterior, a Inspección poderá levantar acta con acordo de conformidade ou desconformidade, segundo o caso, con base aos documentos que permitan determinar a cota conforme ao artigo 5 desta ordenanza.

ARTIGO 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e disposicións que a desenvolven, e na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección deste Concello.



ARTIGO 12. COMISIÓN MUNICIPAL DE ASESORAMENTO E SEGUIMENTO DA IMPLANTACIÓN DA RECARGA

No prazo de seis meses desde a aprobación da ordenanza, esta Administración municipal deberá constituír unha Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación da recarga. Estará formada por catro representantes do Concello da Coruña (persoas titulares das Xefaturas de Servizo de Xestión Tributaria e Turismo, da Dirección da Área de Administración Xeral e da Dirección da Área de Turismo), un/unha representante da Asociación Empresarial de Hospedaxe da Coruña (HOSPECO), un/unha representante da Autoridade Portuaria da Coruña e un/unha representante da Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana. A dita comisión aprobará os estatutos de regulación e finalidades da mesma, para dar cumprimento ao establecido no apartado 7 do artigo 24 da Lei 5/2024, de medidas fiscais e administrativas.

ARTIGO 13. COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

En cumprimento do deber de colaboración entre as administracións públicas que consagra o artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o Concello solicitará da Dirección Xeral da Policía a subministración periódica, por medios electrónicos e nos formatos e prazos que se determinen por convenio, dos datos contidos no rexistro de persoas aloxadas nos establecementos de aloxamento turístico situados na cidade da Coruña que sexan estritamente necesarios para aplicar a recarga do imposto sobre as estadias turísticas.

Considéranse datos estritamente necesarios os seguintes:

- a) A identificación do establecemento de aloxamento turístico situado na cidade da Coruña.
- b) A identificación da persoa titular da explotación do establecemento de aloxamento turístico.
- c) O número e tipo de documento de identidade da persoa que se aloxa no establecemento de aloxamento turístico, e a súa data de nacemento.
- d) A data de entrada no establecemento de aloxamento turístico de cada persoa que se aloxa e o número de días previstos da estadia.

ARTIGO 14. AFECTACIÓN DOS INGRESOS

1. De acordo co disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os ingresos da recarga estarán afectados nun 80 %, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo sustentable, tendo como destino as actuacións previstas no parágrafo 4 do citado artigo 24.



Concello da Coruña

2. O control da correcta aplicación dos ingresos da recarga ás finalidades sinaladas corresponde ás concellarías competentes en materia de turismo e facenda.
3. Logo do ditame do órgano de participación previsto no artigo 12, incluírase no orzamento de gastos o detalle da aplicación dos ingresos da recarga. Na liquidación verificarase a correcta e completa aplicación dos fondos ás finalidades sinaladas.

ARTIGO 15. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas; no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como na Ordenanza fiscal xeral aprobada por este Concello.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

As disposicións recollidas nesta ordenanza relativas á recarga sobre o imposto cando o feito imponible sexa o fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico que realicen escalas no porto da Coruña serán de aplicación a partir do exercicio 2026.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo pleno da corporación municipal na sesión celebrada o XX de XX de 2025, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do XX.XX.XX, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.



Concello da Coruña

Área / Unidad SERVIZO DE XESTION TRIBUTARIA DIRECCIÓN DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA RCG	Documento FRA19I08HD	
Código de verificación  510O 2X3Q 1N3Q 5G5N 0HKC	Expediente FRA/2025/1	
	Fecha 27-05-2025	

INFORME PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL

ASUNTO: IMPOSICIÓN E APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 34, REGULADORA DA RECARGA MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADIAS TURÍSTICAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O presente expediente ten por obxecto acordar a imposición e aprobación da Ordenanza fiscal número 34, reguladora da recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia

De acordo co anterior, a Alcaldía elaborou a Memoria que xustifica a imposición da ordenanza, e que consta dun Anexo co texto a aprobar.

